



Montaxe da placa base na caixa




As caixas teñen nunha das súas caras internas unha serie de buracos onde se atornillará a placa base. Notaremos que o número de buracos existentes na caixa é maior que os necesarios para atornillar calquera das placas que vamos a instalar, iso é normal pois nunha caixa de tipo ATX poderemos meter unha placa de calquera dos factores de forma (**Factor de Forma das placas base**) existentes no mercado. Así, o primeiro que debemos facer é "presentar" a placa no interior da caixa e comprobar cales de eses buracos imos empregar.

Hai que ter en conta que **a placa NON se atornilla directamente na caixa**, se fixéramos así a parte de abaixo da placa, que é metálica, tocaría directamente coa caixa (que tamén é metálica) e se producirían cortocircuitos na placa que farían que esta se queimara... Así, para instalar a placa base na caixa hai que colocar nesta última uns separadores metálicos tal e como se amosa na seguinte imaxe:




Ferramenta necesaria

Deste xeito a placa queda atornillada perfectamente á caixa. Non esquecer poñer suficientes separadores, tanto metálicos (que fan as veces de conductores á terra da electricidade estática da placa cara a caixa) como plásticos, estes últimos se fosen necesarios para facer que non queden zonas onde posiblemente teñamos que facer presión para colocar algunha tarxeta de expansión ou conector na placa. É importante que a placa quede con boa base pois, se non é así, esta podería estalar ó facer presión sobre ela.



Chegado a este punto só falta conectar o **panel frontal da caixa á placa** para así poder acender/apagar o equipo, resetealo e facer que os **leds** funcionen axeitadamente:



Para que o panel frontal quede ben colocado hai que ter a man o manual da placa (algo fundamental) e hai que ter en conta dúas cousas:

- Se o elemento a conectar é un pulsador (o de accendido ou o de *reset*) da igual cómo se coloque o conector.
- Se o elemento a conectar é un **led** (o de accendido ou o de lectura do disco duro) si importa cómo se coloca o conector. Neste caso hai que ter en conta que no sinalado como + na placa ou no manual ten que ir o cable de cor do conector (o que non sexa branco).

-- [Volver](#)